

2018 Segundo

GDR 17



gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

Salnés-Ulla-Umia



Na súa estratexia de desenvolvemento desde un punto de vista multisectorial, o GDR Salnés-Ulla-Umia contribúe de forma esencial na execución de proxectos clave para o crecemento do territorio. A entidade ten en conta os catalizadores locais entre os sectores de carácter estratéxico da zona, tales como a agricultura, a gandería, o comercio, o turismo rural, a industria ou os servizos. Todo iso co obxectivo de mellorar a vida dos cidadáns e o medio ambiente.

Na súa convocatoria de axudas do ano 2017 destacan os proxectos desenvolvidos por **Destilerías Salnés**, que levou a cabo a ampliación e mellora de silos para almacenamento de bagazo de uva, así como a máquina para a produción de masas laminadas e hidratadas da **Panadería Cambados** e a adquisición do robot Kuka de **Poliésteres Bidasoa**.

A primeira iniciativa axudou a mellorar a produción e á innovación dunha das principais empresas do sector vitivinícola, esencial na zona. A Panadería Cambados tamén mellorou o proceso de elaboración da masa dalgúns dos seus produtos e reduciu o tempo de produción. Bidasoa, na súa continua aposta polo crecemento e os novos proxectos, foi subvencionada para que contase coa maquinaria, pioneira no sector, que lle permite mecanizar o corte do núcleo e fabricar novos modelos de produto con rapidez e precisión. A súa produción está dirixida, principalmente, ao sector da automoción, solidamente arraigado en Galicia.

Clave no desenvolvemento

As tres empresas coinciden en que os fondos europeos, distribuídos a través do GDR Salnés-Ulla-Umia, foron claves no seu progreso. As compañías, do mesmo xeito que o resto de entidades que recibiron financiamento no pasado exercicio para os seus proxectos, resaltan o bo facer e o traballo realizado polo GDR, no que atopan o apoio necesario para medrar e axudar, desta forma, ao desenvolvemento do rural. As beneficiarias das axudas europeas subliñan a importancia que teñen as subvencións xestionadas polo GDR na mellora dos seus negocios e na consecución dos seus obxectivos a curto e longo prazo.





Arancha Pérez

Xerente do GDR Salnés-Ulla-Umia



“Contamos cun territorio moi dinámico”

Como se tramitan os expedientes?

Trátase dun sistema moi sinxelo. A única novidade deste programa é a presentación obrigatoria para case todos os expedientes na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Antes nós podíamos recepcionar as solicitudes de axuda no rexistro da nosas oficinas, e era un trato mais próximo, pero agora todo ten que ser presentado na Sede, o que dificulta un pouco o proceso para as asociacións e os pequenos empresarios. O que tratamos de facer é axudalos nos trámites e orientalos nos seus proxectos para que poidan ter cabida na nosa estratexia. A documentación qué cómpre presentar está detallada na nosa web www.gdrsalsnellsullaumia.com e ademais mandamos un correo coa listaxe de anexos e a documentación necesaria. Despois temos que valorala e levala a baremo para obter a puntuación de cada proxecto, que se traduce nunha determinada porcentaxe de subvención. A convocatoria é por concorrencia competitiva, hai que valorar todos os proxectos é ordenalos por puntuación. Despois lévanse á Xunta Directiva, que é o órgano que aproba a proposta de resolución para que AGADER resolva cada un deles. O promotor pode iniciar as obras unha vez presentada a solicitude de axuda e levantada acta de non inicio por parte do equipo técnico do GDR.

Que trámites posúen máis dificultades para os promotores?

Como comentei antes, o mais complicado non é a presentación da documentación senón o medio. A era dixital está presente nas nosas vidas, pero para ás asociacións e pequenos empresarios aínda é unha materia pendente. Non ter un certificado dixital ou non ter o costume de empregar os portais da administracións para realizar trámites complica moito o traballo de presentación de documentación para estes colectivos.

Cales son os criterios de selección e baremo de proxectos?

Existen dous tipos de baremos: se son proxectos produtivos ou proxectos non produtivos. Tamén existen unhas restricións ou límites xa marcados polo propio programa Leader, pero en liñas xerais os proxectos van a ser valorados en base a varios bloques de puntuación, tales como a súa localización xeográfica, tipoloxía do promotor (empresa, autónomo, antigüidade...), creación de emprego e tipoloxía de colectivos contratados (mulleres, mozos...) e o impacto do proxecto no territorio. Estes baremos pódense consultar na nosa web e poden ser empregados por cada promotor dun proxecto como guía para estimar unha porcentaxe da subvención. Só subvencionaremos proxectos finalistas e que estean lo-

“Os proxectos subvencionados supoñen un motor de arranque para a economía do territorio”

calizados nos 16 concellos do GDR Salnés-Ulla-Umia (Caldas de Reis, Cambados, Cuntis, Catoira, A Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa).

É necesario máis investimento?

O que é necesario é mais orzamento para os GDR. No noso caso, nesta convocatoria sería preciso case un millón mais de euros, se temos en conta o elevado número de expedientes presentados e a envergadura dalgúns deles. Contamos cun territorio moi dinámico. É doado de comprobar se vemos as cifras dos programas anteriores tales como o Leader 2007-2013 ou programa PRODER II.

Como reverteren os proxectos no desenvolvemento do territorio?

Está comprobado que é un motor de arranque da economía do territorio. As empresas xa asentadas anímanse a realizar novos investimentos e a ampliar o seu negocio. E as novas iniciativas de emprendedores convértense en novas empresas ou servizos. Ademais unha das obrigas do programa é o mantemento do emprego durante cinco anos, o cal fixa a estabilidade laboral. Por outra banda, os proxectos non produtivos das asociacións e das entidades locais

favorecen notablemente a calidade de vida das persoas, a través da mellora e implementación de servizos e infraestruturas e da protección do medio natural, patrimonial, cultural e etnográfico.

Cales foron os resultados da última convocatoria?

Consideramos que foron moi bos, tanto en nivel de investimento coma en postos de emprego creados. Dende o 31 de marzo do ano pasado presentáronse un total de 92 expedientes, cun total de investimento de 9,4M€ e un total de 277 postos de traballo creados e consolidados. O noso GDR conta cun cadro orzamentario de 3M€, e ata hoxe a Xunta Directiva xa ten aprobados 1.380.000 en subvencións. Pero temos aínda moito traballo por facer. Fainos falta mais apoio económico para novos proxectos co fin de dinamizar o rural galego. Esperamos contar con novos fondos proxima-mente e dende a Consellería nos están alentando a traballar duro para reflectir esa necesidade de fondos cara á Unión Europea.

“É necesario máis orzamento para os GDR”



Resultados da primeira convocatoria de propostas

Subvencionáronse dous hotéis en Caldas de Reis para cubrir a demanda dos peregrinos

As actuacións aprobadas e executadas o ano pasado que foron financiadas polo plan Leader, dentro do GDR Salnés-Ulla-Umia, son moi heteroxéneas e impulsaron o desenvolvemento da área territorial. Unha empresa de artes gráficas de Cambados aproveitou os fondos europeos para comprar un equipo de fabricación de caixas; unha destilería de Ribadumia ampliou o seu almacén; e en Caldas de Reis puxéronse en marcha un hotel de dúas estrelas e outro de tres para atender o crecente aumento de peregrinos do Camiño Portugués. En Cambados, unha panadería utilizou as axudas tramitadas a través do GDR para mercar un sistema automatizado de produción de masa, mentres que en Valga un particular ampliou e modernizou unha farmacia.

Pero tamén se presentou e se aprobou a execución de iniciativas públicas. Así, o Concello de Vilanova de Arousa habilitou dúas novas aulas no centro de formación de Vista Real e unha sala de traballo. A comunidade de montes de Noalla, en Sanxenxo, creou unha zona de lecer na Lanzada e fixo traballos de recuperación do curso alto do río Souto- Maior.

De maquinaria a hotéis

Entre os proxectos financiados polo GDR Salnés-Ulla-Umia do ano pasado figura a adquisición e instalación do novo banco de probas modelo CRI- PC, promovido por Arousa Diesel S.L., que conta cun financiamento de 16.051 euros. Gráficas Salnés recibiu 48.672 euros para modernizar a industria median-

te a adquisición dun equipamento para a fabricación de caixas, mentres que Servizos Agrorurales dispuxo de 8.457 euros para a posta en marcha dunha estación móbil de inspección de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.

O Concello de Vilanova de Arousa e a comunidade de montes de Noalla puxeron en marcha iniciativas públicas

En Caldas de Reis foron aceptados os proxectos para a apertura dos dous hotéis, de dous e tres estrelas. O primeiro recibiu unha axuda de 98.854 euros para a rehabilitación



e ampliación da edificación existente; mentres que o segundo, de tres estrelas, obtivo 120.899. A hospedaxe pretende cubrir as necesidades hostaleiras para os peregrinos. A iniciativa para demoler e construír tres silos proposto por Destilerías O Salnés foi subvencionado con 84.466 euros.

Os obxectivos do plan

A primeira convocatoria deste ano tamén tivo unha gran resposta na área rural de Salnés-Ulla-Umia. O Concello de Meis quere recuperar varias dependencias da casa reitoral de San Martiño, como as cortes ou a adega, para uso social dos veciños. O Concello de Meaño pretende ampliar a ruta de sendeirismo dos muíños de Lores ata Dena, o que supoñería chegar ao mar. En canto ás propostas particulares destaca a diversificación da actividade dunha adega cara o enoturismo, a creación dunha pousada con oferta de produtos típicos en Armenteira, a inversión de medio millón de euros dun empresario para abrir un campamento de bungalows singulares no Grove e a inauguración dun novo establecemento de alimentación nunha parroquia que precisa este servizo no Concello de Meis.

A dinamización do sector agrario e comercial, a mellora ambiental e da contorna do rural, así como a diversificación da economía rural e a mellora da calidade de vida son os principais obxectivos das axudas que tramita o GDR Salnés-Ulla-Umia.

Os proxectos axudan á diversificación da economía e á mellora da calidade de vida



Proxectos destacados



PROXECTO 1

Ampliación e mellora de silos para almacenamento de bagazo de uva

Empresa: Destilerías Salnés

Ribadumia

Importe da subvención:

84.466 euros



PROXECTO 2

Milhoja-modernización na produción de masas laminadas e hidratadas

Empresa: Panadería Cambados

Cambados

Importe da subvención:

79.102 euros



PROXECTO 3

Adquisición de maquinaria robot Kuka


Empresa: Poliésteres Bidasoa

Caldas de Reis

Importe da subvención:

112.187 euros

Cambados | *Ribadumia* | *Caldas de Reis*



Ampliación e mellora de silos para almacenamento de bagazo de uva, de Destilerías Salnés

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) 17 Salnés-Ulla-Umia concedeu unha axuda para executar un proxecto de ampliación e mellora de silos para almacenamento de bagazo de uva. A iniciativa da empresa Destilerías Salnés obtivo unha subvención de 84.466 euros, o que supuxo un 36% do orzamento total de execución da mellora dos silos, que ascende a 234.629 euros. A compañía beneficiaria, que conta cun predio de 2.000 metros cadrados e unha nave de 1.000 metros cadrados situada no polígono industrial de Cabanelas (Ribadumia), fundouse en 1943 en Betanzos como Destilería Candamio. En 1998 estableceuse no Salnés pola importante actividade vitivinícola da zona. A firma recibe máis de 1,2 millóns de quilos de bagazo ao ano, cos que elabora máis de 200.000 litros de augardente, incluídos licores pouco usuais como o de mel.

A firma apostou pola innovación e a aplicación de novas tecnoloxías no proceso de produción,

polo que nos últimos anos realizou fortes investimentos en adquisición de nova maquinaria e na modernización das súas instalacións. Algunhas delas recibiron axudas do GDR Salnés-Ulla-Umia. De entre todos os proxectos, ademais do do ano pasado, para facer máis grandes e mellorar os silos, destaca o da instalación, en 2015, dunha columna “desmetilizadora”, que custou 130.000 euros e que permite reducir a compoñente metélica dos augardentes de bagazo que se fan con uva albariña. A máquina pode procesar ata 1.250 litros cada día. A empresa, desta forma, aproveita mellor os bagazos albariños e mellora a comercialización dos seus produtos, que pasa por adaptar os licores tradicionais á normativa sanitaria vixente.

O proxecto para o que recibiu a subvención europea o ano pasado abrangue unha demolición parcial para dar cabida á construción de tres novos silos e así dotar ao proceso produtivo de maior capacidade e menor pendente, ademais de reducir

o proceso de ensilado. O custo maior de execución da mellora dos silos foi o correspondente á cimentación e estrutura (165.793 euros), seguido da demolición (16.688 euros) e da pintura (15.566 euros). No escalafón máis baixo do ránking sitúanse a escavación (73,65 euros), seguida polas instalacións (1.505 euros) e a xestión de residuos (3.920 euros).

Garantía para conseguir obxetivos

O crecemento dos clientes da destilería, é dicir, das adegas da zona do Salnés, fai primordial a adaptación da empresa para poder responder as súas demandas. “Traballamos para dar cabida á cantidade de bagazo das vendimas de clientes como Martín Códax, Condes de Albarei ou Bouza do Rei. Tiñamos que ampliar a capacidade para poder seguir con eles”, explica o propietario de Destilerías Salnés, Jesús Candamio.

A obra subvencionada polo GDR consistiu en desmantelar os



silos antigos que estaban situados na planta baixa da sede da empresa co obxectivo de dar facilmente cabida ao produto de forma máis eficiente. “O financiamento permítenos chegar a obxectivos que nos marcamos e que sós sería complicado porque as marxes do mercado son moi axusta-

dos. As axudas permiten chegar onde necesitas, sós non seríamos capaces”, sinala Candamio, quen resalta que o proxecto permite “mellorar moito o tempo de xestión dos bagazos” e proporciona “facilidade para traballar en canto a rapidez e capacidade de destilación”.

“Seguir medrando é necesario porque se non o fas, quedas fóra do mercado. Nestes últimos anos non había forma de levar a cabo investimentos porque era moi complicado obter financiamento. Grazas ao GDR podes alcanzar os obxectivos”, asegura o dono da destilería.



Milhoja-modernización na produción de masas laminadas e hidratadas de Panadería Cambados

As axudas tramitadas a través do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) 17 Salnés-Ulla-Umia foron utilizadas pola Panadería Cambados para poñer en marcha un sistema automatizado de produción de masa panadeira co obxectivo de homoxeneizar a produción, mellorar a competitividade e ampliar a variedade de produtos. O proxecto, que custa 193.405 euros, recibiu unha axuda de 79.102 euros, o que supón un 40,9% do total. A iniciativa mellorou o posicionamento competitivo da empresa,

que serve a toda a comarca do Salnés, e supuxo un paso máis na súa modernización.

A nova maquinaria, segundo explican desde a panadería, serviu para mellorar os tempos de produción de barras de pan, chapatas ou racións de bocadillos. Antes da compra do sistema, a elaboración era manual. A compañía decidiu adquirilo tras comprobar o seu funcionamento nunha feira do sector en Madrid; todo iso na súa liña de apostar pola innovación e optimización de recursos.

Rápidez e redución de custos
“A axuda do GDR serviunos para ampliar a produción e reducir os tempos, así como para diminuír custos como consecuencia de que o tempo de elaboración é inferior”, explica Fabiana da Silva, administrativa da Panadería Cambados, quen resalta que as axudas europeas para o desenvolvemento do rural “funcionan moi ben e serven para mellorar os negocios”. Os fondos do GDR Salnés-Ulla-Umia foron claves para o avance desta empresa, que serve en toda a comarca do Salnés,



pois en pasados exercicios tamén foi beneficiaria doutra subvención europea para cambiar o aceso dos fornos, que era de gasóleo, por un sistema moito máis moderno e respectuoso co medio ambiente.

Os proxectos desenvolvidos a partir da subvención concedida polo GDR foron esenciais á hora de mellorar o negocio e facelo competitivo. A ampliación da produción, segundo a empresa, foi notable desde que utilizan a maquinaria.



Aquisición de maquinaria robot Kuka de Poliésteres Bidasoa

A empresa Poliésteres Bidasoa adquiriu en 2017, grazas ao financiamento do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR), unha celda robotizada para mecanizado de pezas de polietileno, modernizando así a actividade da empresa. Coa adquisición do robot, a compañía pretende realizar principalmente a tarefa de modelado, co obxecto de realizar novos moldes para a fabricación de pezas en PRFV (poliéster reforzado e fibra de vidro). O custo da compra do robot Kuka foi de 260.900 euros, dos cales 112.187 correron a cargo do GDR, é dicir, o 43%.

Apertura a novos mercados

Optar a novos mercados, a través da ampliación da gama de ofertas, foi o que impulsou a Poliésteres Bidasoa a adquirir a maquinaria. “O robot mecaniza o corte do núcleo e permite a fabricación de novos modelos de produto cunha rapidez e precisión que dificilmente se obtén de maneira manual. Ademais, tamén facilita a obtención de novos modelos de pezas

que se desexen fabricar, o que se traduce nun aumento da precisión e da calidade nos traballos”, apuntan desde a compañía, á vez que destacan que o financiamento obtido a través do GDR supuxo “novas oportunidades para a empresa”.

A compañía iniciou a súa actividade, orientada ao deseño, desenvolvemento, fabricación e subministración de pezas de PRFV en 1985 en Marín (Pontevedra). A súa produción está dirixida, principalmente, ao sector da automoción, solidamente arraigado en Galicia. Actualmente, as súas instalacións principais están situadas en Caldas de Reis. A factoría abarca 15.000 metros cadrados, entre terreos e naves, perfectamente acondicionadas coas últimas tecnoloxías en tratamento de aire e climatización.





GDR 17



Asociación

GDR Salnés-Ulla-Umia

Cruceiro, 43 - 36990 Vilalonga

Sanxenxo (Pontevedra)

Tel.: 986 744 909 | 650 255 914

Fax: 986 746 657

info@gdrsalnesullaumia.com

info@gdrosalnes.com

<https://gdrsalnesullaumia.com>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER:
Europa inviste no rural